

RESIDENCIA PÚBLICA UNIVERSITARIA DA CORUÑA Elvira Bao

Praza Museo Nacional de Ciencia, núm. 3
15011 A Coruña

A Universidade da Coruña, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña subscribiron un Convenio o 23.11.2015 para a cesión de uso de parte do edificio do Centro Calvo Sotelo para a súa utilización como residencia universitaria



Está localizada na cidade da Coruña na Zona Escolar preto do Campus de Riazor, onde se atopan: o Centro Universitario de Riazor (sala de estudo), NORMAL (Centro Cultural) e a ETS de Náutica e Máquinas Tamén se atopan nesta zona o *Museo Nacional de Ciencia y Tecnología* MUNCYT, a Escola Oficial de Idiomas, o Conservatorio Superior de Música, e a UNED


[Localización](#)

Dispón de 44 prazas: 2 en cuarto individual destinadas ao alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, asociada a dificultades na súa mobilidade, que requira dun aloxamento adaptado; e 42 en cuarto dobre (non mixtas).



O prezo dos cuartos oscila entre 100€ e 215€ e inclúe os consumos de calefacción, electricidade, auga e conexión wifi.

Os cuartos son todos exteriores e dispoñen de:

- 2 camas
- 2 armarios
- 1 mesa de escritorio para 2 persoas
- 1 estantería dobre
- 1 baño completo



DORMITORIO TIPO E1/50



As instalacións disporán de 3 salas de ocio con mesas, cadeiras, microondas, cafeteiras e fervedoiros de auga.

A menos de 3 minutos andando, o alumnado dispón de:

- Parada de bus urbano das liñas: 3 (enlace directo coa liña da UDC), 3A, 12 (enlace directo coa liña da UDC), 12A e 14
- Auto servizos de lavandería
- Supermercados
- Centro de Saúde
- Praia